



INFORMACIÓN E RECOMENDACIÓN S ÁS FAMILIAS E AO ALUMNADO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS AVALIACIÓN S 3ª E FINAL DO CURSO 2019/2020

Tendo en conta a situación de excepcionalidade na que estamos inmersos e seguindo as directrices para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019/2020 ditadas pola Consellería de Educación, Universidade e FP, infórmase ás familias e ao alumnado da adaptación dos criterios e procedementos de avaliación neste último trimestre do curso, así como dos criterios de promoción, tanto de curso (dentro da EP) como de etapa (paso de EP á ESO):

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Valoraranse especialmente as aprendizaxes imprescindibles para a continuidade do proceso educativo, o reforzo e consolidación das aprendizaxes realizadas nas dúas primeiras avaliacións, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.

Os criterios de avaliación terán carácter diagnóstico e formativo.

2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas dende a supresión da actividade lectiva presencial.

Daráselle prioridade (segundo se reflicte nos criterios especificados no punto anterior) á avaliación atendendo ao seu carácter continuo, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que isto favoreza ao alumno/-a. Ningún alumno/-a se poderá ver prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia.

Así pois, é o momento de animar a todos/-as xa que **o traballo que se realice neste tempo que queda ata o final do curso pode ser moi importante para as cualificacións finais de cada materia**. Quen obtivese unhas cualificacións positivas nas dúas primeiras avaliacións vai poder melloralas... e quen teña algunhas negativas, co traballo de reforzo que realice agora, vai poder aprobar o curso.

Para que o traballo que se está a realizar nas casas poida terse positivamente en conta para a cualificación final, é necesario que sexa enviado, do xeito a cada quen mellor lle sexa, aos profesores/-as de cada materia.

3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Os criterios de promoción (para pasar de curso, dentro de E. Primaria, ou para acceder á ESO dende 6º) serán similares aos establecidos ata o momento da suspensión da actividade lectiva presencial. O equipo docente (profesorado que imparte clases en cada grupo) será o que decida a promoción, ou non, de cada alumno/-a segundo os obxectivos acadados. Aínda que a repetición sexa considerada unha medida de carácter excepcional, poderá haber casos nos que o acordo do equipo docente leve a que un/unha alumno/-a permaneza un curso máis no nivel no que está.

Segundo isto, reiterar a importancia do traballo realizado no tempo que queda de curso.

Ourense, 29 de abril de 2020

Observación: se alguén ten algunha dúbida sobre esta información, pode poñerse en contacto telefónico co centro, os días lectivos, en horario de 10:00 h a 12:30 h. (Tlf. 988 788 896)